

opusdei.org

# **"Mulleres brúxula nun bosque de retos", un libro solidario con África, a muller e a ciencia**

Isabel Sánchez, secretaria central do Opus Dei, acaba de publicar "Mulleres brúxula nun bosque de retos. Ideas para superar a adversidade" (Editorial Espasa). Parte dos beneficios recadados polo libro serán destinados ás bolsas Harambee Guadalupe.

13-09-2020

As bolsas Harambee Guadalupe son un programa polo cal, durante unha década, dez científicas africanas poderán beneficiarse cada ano dunha estancia de investigación en centros médicos e académicos de España. Con motivo do lanzamento do libro, a autora concedeu varias entrevistas a medios de comunicación e participou en diferentes eventos de presentación en España.

Tal como explicou a autora, a idea de escribir este libro xurdiu con ocasión da beatificación de Guadalupe Ortiz de Landázuri, unha científica do Opus Dei que buscou a santidad a través do exercicio da súa profesión como química e impulsou diversas iniciativas de promoción da muller. Por mor dunha entrevista publicada

no diario *El Mundo* o día posterior á beatificación, a editorial propuxo a Isabel Sánchez escribir un libro sobre historias de superación, que presentase o liderado da muller en diversos ámbitos.

Entre estas historias, podería incluírse a das beneficiadas polas bolsas Guadalupe, pois son "mulleres compás" que traballan desde a ciencia polo progreso dos seus países. Nesta primeira convocatoria, moitas delas viron polo momento suspendida a súa estancia no estranxeiro por mor da emerxencia sanitaria causada pola Covid-19. Unha situación incerta que está moi presente nas páxinas do libro, onde se ofrecen valiosos consellos para afrontar as dificultades e traballar de forma conxunta e solidaria por mellorar a propia contorna social.

A autora presentou o libro nun evento digital, celebrado o pasado

venres, 4 de setembro. Nun diálogo co xornalista Gonzalo del Prado, falou da xénese deste ensaio e os grandes retos que se presentan ao mundo contemporáneo, e que configuran cada un dos capítulos. Diante de este bosque de desafíos, Isabel Sánchez fala de preto de 80 mulleres que souberon atopar o norte e orientar a moitas outras persoas en ámbitos diversos como a educación, os negocios, a saúde ou a vida familiar. A moitas as coñeceu grazas ás súas viaxes por máis de 50 países, como parte do seu traballo na Asesoría Central do Opus Dei.

---

pdf | document generated  
automatically from [https://opusdei.org/  
gl-es/article/mulleres-bruxula-nun-  
bosque-de-retos-un-libro-solidario-con-  
africa-a-muller-e-a-ciencia/](https://opusdei.org/gl-es/article/mulleres-bruxula-nun-bosque-de-retos-un-libro-solidario-con-africa-a-muller-e-a-ciencia/) (05-04-2025)